



Concello de Cuntis

PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO COMO TITORES/AS DE EMPREGO PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE CUNTIS 2025/26

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de “CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL NO MARCO DOS PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO” por un prazo previsto que irá dende o día 10 de novembro de 2025 ata o día 14 de outubro de 2026, a tempo completo, de dous técnicos/as medios, como titores/as de emprego, no ámbito de desenvolvemento das accións do Programa Integrado de Emprego do Concello de Cuntis 2025/26, que se levara a cabo conxuntamente polos concellos de Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Barro, A Estrada e Moraña.

O contrato formalizarase a tempo completo, condicionada a súa duración ao desenvolvemento das accións previstas no programa integrado de emprego, a desenvolver nos anos 2025/2026, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante resolución de data 15/10/2025, polo que os/as persoas contratados/as en ningún caso adquiriran a condición de traballadores indefinidos ou fixos de plantilla.

A xornada de traballo será a tempo completo, no horario e lugares que se determine atendendo as necesidades do servizo, cando estas o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde e no horario que se determine. A retribución bruta mensual será de 1.867,66€, por todos os conceptos, excepto a indemnización de fin de contrato que se percibía ao final do mesmo.

FUNCIONS DO POSTO QUE SE CONVOCA:

As tarefas a desenvolver estarán relacionadas coas seguintes actuacións.

- a) Información, orientación e asesoramento.
- b) Propoñer diferente formación transversal en función do perfil das persoas participantes no programa.
- c) Técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea.
- d) Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista.
- e) Fomento da capacidade emprendedora.
- f) Prospección empresarial.
- g) Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- h) Formación para o emprego, distinta á prevista na letra b).
- i) Diseñar a prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia, de ser o caso, co contido teórico práctico das accións formativas.
- j) Todas aquelas accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas demandantes de emprego.





Concello de Cuntis

k) Elaboración e tramitación de diferente documentación relacionada coa xestión do programa.

MODALIDADE DE CONTRATACIÓN:

A duración dos contratos dos postos convocados terá un prazo previsto que irá dende o día 10 de novembro de 2025 ata o día 14 de outubro de 2026 e, en todo caso, estará vinculada ao período de DURACIÓN DO Programa Integrado do Concello de Cuntis 2025/26.

Os/as traballadores/as finalmente contratados/as prestarán os seus servizos baixo contratación laboral temporal a tempo completo, a través da modalidade contractual de “CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL NO MARCO DOS PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO”, sen que en ningún caso adquiren ningún dereito a incluírse no persoal laboral indefinido ou fixo de plantilla.

O concello de Cuntis formalizará, no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal seleccionado, que figure proposto nas actas de selección.

A modalidade de contratación será para todos os postos a de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405.

O programa integrado de emprego do concello de Cuntis 2025/26 ten autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da entidade local.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- **a)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, permita o acceso ao emprego público.
- **b)** Estar en posesión, como mínimo dunha titulación universitaria de diplomatura ou equivalente ou estar en condición de obtela no prazo de remate do prazo de presentación de solicitudes.
- **c)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- **d)** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.





Concello de Cuntis

- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Acreditar coñecementos de galego co CELGA 4, ou superar unha proba se non se posúe este nivel.

2. As convocatorias dos procesos selectivos poden establecer requisitos específicos de acceso que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desempeñar.

TERCEIRA.- SISTEMA SELECTIVO.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso de valoración de méritos.

Para aqueles candidatos/as que non acrediten o CELGA 4 realizarase unha proba de coñecementos conforme ao previsto na base sexta das presentes bases.

Publicitarase a convocatoria a través da publicación dun anuncio nun diario dos de maior difusión na provincia e publicación no taboleiros de anuncios dos Concellos de Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Barro, A Estrada e Moraña, e nas súas respectivas páxinas WEB.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que figura como Anexo I das presentes bases e deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento Administrativo Común.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO (5) días naturais contados dende o día seguinte á publicación do correspondente anuncio na prensa, que coincidirá coa data de publicación do anuncio na sede electrónica municipal (<http://concellodecuntis.sedelectronica.gal/info.1>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calesquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento Administrativo Común. **Cando a solicitude (Anexo I) non se presentase fisicamente no Rexistro do Concello ou na súa sede electrónica, deberá anunciarse a súa chegada ao e-mail cfoaran@concellodecuntis.es. ESTO SERA REQUISITO IMPRESCINBIBLE PARA TER EN CONTA ESTAS SOLICITUDES.**

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento oficial de identificación que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou





Concello de Cuntis

incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. (Anexo I).

- Copia dos documentos que acrediten a titulación e a formación complementaria.
- Relación de outros méritos que alega e fotocopia simple da documentación xustificativa de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

A composición do tribunal cualificador axustarase en todo caso ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na demais lexislación de aplicación aos procesos de selección de persoal na administración local.

O Tribunal, que terá como funcións a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes e propondrá a Presidencia o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polos seguintes membros:

·Un Presidente/a: Un empregado/a público pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.

·Un Secretario/a: Un empregado/a público da Corporación ou quen legalmente a substitúa.

·Tres vogais: Tres empregados/as públicos do Concello pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ou esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

Serán causas de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN





Concello de Cuntis

1.- O tribunal reunirse nos tres (3) días hábiles posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes e elevará á Alcaldía proposta de resolución relativa á publicación dunha lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de dous (2) días hábiles para presentar alegacións, e, unha vez resoltas estas, si as houbera, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. No caso de non haber persoas excluídas entenderase a citada lista elevada a definitiva.

2.- Reunido validamente o tribunal, quedará facultado para valorar exclusivamente ós candidatos/as presentados ó proceso selectivo.

CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS

Valoraranse os seguintes méritos cunha puntuación máxima de 12 puntos.

1. Titulación académica: máximo 1 punto

- a. Titulacións preferentes..... 1 punto
 - i. Psicología
 - ii. Pedagogía
 - iii. Psicopedagogía
 - iv. Sociología
 - v. Educación social
 - vi. Traballo social
 - vii. Diplomatura de relacións laborais
 - viii. Economía
- b. Outra titulación media ou superior... 0,5 puntos

2. Formación complementaria: máximo 2 puntos

- a. Masters, cursos etc.. en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, xestión de recursos humanos no ámbito laboral, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, e orientación laboral, de máis de 20 horas lectivas.0,04 puntos por cada 20 horas lectivas.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido e duración dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Neste caso so se valoraran aquelas horas do curso que estean relacionadas co posto ó que se pretende optar.

No caso de presentar mais de un curso cos mesmos contidos, tanto si esta circunstancia se deduce do propio programa do curso, como do seu título, so se tendrá en conta aquel con maior número de horas lectivas.

3. Experiencia profesional: máximo 9 puntos

Debera acreditarse mediante vida laboral e copia dos contratos de traballo ou vida laboral e certificado de servizos prestados:

- a. Por cada mes traballando en programas integrados de emprego.....0,1 puntos
- b. Por cada mes traballando noutros programas de emprego que teñan como obxectivo a inserción laboral das persoas participantes.....0,05 puntos
- c. Por cada mes traballando como ADL ou Orientador/a laboral,0,025 puntos





Concello de Cuntis

Acreditación dos coñecementos de lingua galega:

Deberá acreditarse estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior. O certificado será presentado xunto coa solicitude.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior deberán realizar unha proba ortográfica de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio, na que se contestarán 10 preguntas. A proba valorarase de 0 a 1 puntos, a razón de 0,1 puntos por resposta acertada e 0 por resposta errada. Para superar a proba deberá acadarse unha puntuación mínima de 0,5 puntos. Os aspirantes que non acaden a puntuación mínima na proba de coñecementos de lingua galega serán excluídos do procedemento de selección.

Unha vez finalizado o procedemento, publicarase a valoración dos méritos co detalle das puntuacións alcanzadas polos aspirantes na sede electrónica do Concello de Cuntis e no taboleiro de anuncios do Concello concedendo un prazo de dous (2) días hábiles para presentar alegacións.

Rematado o prazo de alegacións, o tribunal de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas, no seu caso, e establecerá a orde de prelación dos candidatos segundo as puntuacións obtidas.

No caso de empate terá prioridade o/a candidato/a que acredite maior puntuación no seguinte orde:

- 1º Quen acredite maior experiencia no punto 3º da valoración de méritos
- 2º Quen acredite maior formación segundo o apartado 2º da valoración de méritos
- 3º No caso de prevalecer o empate farase un sorteo público entre os aspirantes que acadasen a mesma puntuación.

Concluída a fase de concurso e resoltas as alegacións se as houbera, o Tribunal fará públicos os resultados no taboleiro de anuncios e páxina web, por orden de puntuación e farase a proposta de nomeamento ao Alcalde-Presidente.

Tendo en conta a proposta efectuada polo tribunal o Alcalde-Presidente ditará resolución de contratación dos/as aspirantes seleccionados/as.

Os/as restantes candidatos/as, polo orde de puntuación obtido, poderán ser contratados/as no caso de vacantes sobrevidas.

SÉTIMA.- PRAZOS

Prazo de presentación de solicitudes: CINCO (5) días naturais dende a publicación da convocatoria e bases na sede electrónica municipal do Concello de Cuntis.

Alegacións á listaxe de persoas admitidas: DOUS (2) días hábiles dende a publicación da listaxe provisional na sede electrónica municipal do Concello de Cuntis..





Concello de Cuntis

Alegacións á listaxe de valoración de méritos: DOUS (2) días hábiles dende a publicación provisional da valoración de méritos na sede electrónica municipal do Concello de Cuntis.

OITAVA.- NORMAS FINAIS

Primeira.–Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei reguladora das bases de réxime local, Lei de administración local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.–Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.–Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O Axente de desenvolvemento local
Asdo : José Antonio Sánchez Estévez





Concello de Cuntis

ANEXO I : Modelo de Solicitud de Participación

D/^a _____
provisto/a de DNI nº _____ con domicilio en _____
C.Postal _____ Localidade _____ Municipio _____ Provincia _____
Teléfono _____ e-mail _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cuntis para a contratación de técnicos/as para o programa integrado de emprego do concello de Cuntis 2025/26, e
AUTORIZA A UTILIZACIÓN DO E-MAIL PARA AS NOTIFICACIÓNS RELATIVAS A ESTE
PROCEDIMENTO

DECLARO:

- ☐ Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- ☐ Solicito ser admitido/a ó referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan, para o que adxunto a documentacion relacionada nas bases.
- ☐ Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- ☐ ***No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello de Cuntis, procedo a adiantar o envío da presente solicitude de participación por e-mail (cfoaran@concellodecuntis.es), dentro do prazo fixado nas bases desta convocatoria (Base 4ª)***

Relación de méritos que se adxuntan (Titulación, cursos, experiencia laboral)

Méritos	Horas/meses





Concello de Cuntis

E SOLICITA ser admitido/a para participar na selección prevista ó efecto.

Cuntis, de de 2025.

Asinado,
O/A INTERESADO/A

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS.

